


O Castro de Vigo: A orixe da cidade

O CASTRO DE VIGO, A ORIXE DA CIDADE

Estes restos son só unha pequena parte do *oppidum* de Vigo, un gran castro que ocuparía boa parte do monte sobre o que se empraza.

Aínda que non coñecemos a súa extensión, sabemos que os restos musealizados son unha parte mínima, e seguramente secundaria, do que sería o poboado. Os datos actuais indican que foi habitado, polo menos, entre o S. III a. C. e o S. III d. C., momento no que os seus habitantes comezan a trasladarse ao Vicus, novo poboamento que está xurdindo á beira do mar.



UN POBOADO DE GRAN TAMAÑO

Quizais nos pareza un poboado corrente, pero o Castro de Vigo é un *oppidum*. Un asentamento de gran tamaño, con numerosos habitantes e un papel central no seu territorio.



Estructuras localizadas durante as escavacións, representadas nas distintas fases de ocupación.

- Construcións na fase II
- Construcións na fase III
- Construcións sen determinar

Na área escavada identificáronse tres fases construtivas que se mostran no plano adxunto. Da primeira fase apenas conservamos restos, quizais pola superposición das construcións posteriores.

AS CONSTRUCCIÓNS ORIXINAIS HARMONIZAN COAS RÉPLICAS

Baseándonos na información proporcionada polo xacemento e por outros castros similares, reproducíronse tres edificacións que ilustran un momento inicial da ocupación romana.



A VIDA DAS PERSOAS DESCÓBRESE NOS SEUS OBXECTOS

Os achados do castro revelan parte da vida no poboado, vinculánnos ás persoas que os usaron e evocan o seu pasado remoto.



Ante as réplicas, levantadas ata o tellado, os muros orixinais parecen pequenos e insignificantes. Con todo, son estes os que teñen auténtico sentido humano. Son os que construíron os seus habitantes, hai uns dous mil anos, para vivir coas súas familias. Por todo isto, e porque ofrecen información arqueolóxica, constitúen valiosos documentos do pasado que debemos coñecer e conservar.

